



Inicio &gt; Institucional

Mércores, 25 de xuño do 2014

Divulgare súmase coa estrea dun novo vídeo a unha iniciativa que xurdiu en EEUU

## Biólogos vigoeses reclaman medidas urxentes para evitar un posible 'colapso de polinización'

Alertan das graves consecuencias de non adoptar medidas contra a diminución de polinizadores

Me gusta { 1

Tweet { 6

Share

Delicious



### D. Besadío | Vigo

Arredor do 75% dos cultivos vexetais humanos requiren ser polinizados por insectos, principalmente abellas. Ademais estímase que o valor económico da polinización a nivel mundial en termos de cultivo para alimento humano oscila entre 45.000 e 100.000 millóns de euros ao ano. "Son cifras nada desprezables como para ignoralas e, sen embargo, asistimos con impasibilidade ao declive deste exército de obreiros medio ambientais", subliñan os investigadores do Laboratorio de Ecoloxía e Evolución das Plantas – Divulgare que, coincidindo coa celebración en Estados Unidos da semana dos polinizadores, estrean un **novo vídeo** co que buscar a implicación dos máis pequenos á hora de concienciar sobre esta problemática global.

Dirixido polo profesor Luis Navarro, o vídeo explica de xeito sinxelo que é a polinización. "A ver se serve para que algúns destes peques o transmitan aos seus maiores", recalcan os investigadores nunha presentación na que chaman ás autoridades políticas a abordar o "tema urxente" da diminución das poboacións de polinizadores. "Xa non resulta descoñecido, para quen queira estar informado, que estamos enfrontándonos a un problema de dimensións desproporcionadas", subliñan os autores do vídeo, que fan fincapé en que unha vez máis, "son os nosos colegas do outro lado do Atlántico os que toman a dianteira", subliñando que cada ano o presidente Obama reúne con científicos que o manteñen ao corrente desta loita: "E no noso país? Alguén sabe dunha iniciativa similar?".

### Funxicidas, herbicidas e especies exóticas están detrás deste declive

Entre outros datos de releve os investigadores destacan que na actualidade existen máis de 30.000 especies diferentes de abellas no planeta e que son elas, principalmente as silvestres, as que se encargan da polinización das principais plantas cultivadas. "A perda destas abellas silvestres, verdadeiras responsables da polinización de moitas especies de plantas, xa comezou fai unhas décadas e a súa desaparición traeranos, sen dúbida, moitos problemas", recalcan os integrantes de Divulgare, que advirten tamén de que cerca dun terzo de especies de abellóns están xa en perigo de extinción.

Como principais causas deste 'colapso de polinización' os investigadores fan fincapé no uso de funxicidas e herbicidas, a alteración e fragmentación dos ecosistemas ou a propagación de enfermidades pola vía da introdución de especies exóticas forraxeiras.

Este novo vídeo de Divulgare, cofinanciado polo Parque Nacional Illas Atlánticas, baséase nos resultados do proxecto de investigación *Implicacións ecolóxicas e evolutivas dos visitantes florais: efecto de polinizadores e ladróns de néctar*, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade.